



Contos

Lenda de Santa Comba

Andaba Jesucristo polo mundo de peregrino. E cheghou a unha corredoira, a unha congostra que lle chamamos; moi fonda, moi fonda. E saleulle unha bruxa. E saleu Jesucristo e díxolle:

- “Comba, déixate deso. Déixate deso, Comba”.

E desde aquela puñéronlle Santa Comba e subírona ao altar, que é abaixo de Santiagho.

Santa Comba. “Comba, déixate deso”. E desde aquela puñéronlle Santa Comba e subírona ao altar.

Así desas...

O home con dúas xirobas

Moi xirobados, moita xiroba. E díxolle un compadre ao outro:

- “Ai compadre, pero e ti? A túa xiroba onde che vai?”

Dixo:

- “Paseiche de noite por tal sitio, e pasábanche unhas luces alumbrando e unhas cousas. E dixeron “Aquí ole a vivo”. Entonces, eu quedeime quietiño e dixo: “E que lle vamos facer, quitarlle a xiroba?” E quitáronchama”.

- Pois pa esta noite vouche eu alí, compadre”.

Foi o outro compadre ó mesmo sitio e cheghou a Compañía esa que lle chamaban, que eu nunca a vin, pero bueno. Esto...“Aquí ole a vivo ”. E dixeron: -“E que lle vamos facer? Poñerlle a xiroba do outro!”

E quedou con dúas xirobas.

(Rin)

A Compañía

Certamente desperta que a veu! Que veu o cura que levaba os sacramentos a un enfermo, solo que por eso o enfermo daquelas morreu. Que veu as velas, que antes íbase alumbrando con velas e a... bueno, ti non o acordas pero antes, cando iban os sacramentos iba a xente acompañando e a campanilla tocando e todo o mundo alumbrando. Hoxe vai particularmente.

E esa señora di que a veu e que era alí en Villares. Dixo: “Vina desperta conforme estou e pasou cara á ighlesia.” É verdá, que ela estaba no camiño da ighlesia. Pero por fin non sei se foi aquela noite mesmo se a sighbiente, morreu, houbo un difunto, morreu unha persona. Eso era.